

As paisaxes agrarias

Unidade 8

Paisaxe agraria	España húmida	España interior	E. mediterránea	A zona de montaña	Canarias
Zona xeográfica	Norte peninsular.	Ambas mesetas e depresión do Ebro.	Litoral e prelitoral mediterráneo, Val do Guadalquivir e Baleares.	Clima azonal.	Arquipélago canario.
Medio físico	– Relevo accidentado. – Clima oceánico.	– Relevo de páramos, outeiros e vales. – Clima mediterráneo continentalizado.	– Relevo accidentado, chan cerca da costa e algo montañoso na zona prelitoral. – Clima mediterráneo costeiro.	– Condicións extremas: relevo de elevada altitude e fortes pendentes. – Clima con inverno frío e precipitacións moi abundantes (en forma de neve)	– Relevo volcánico accidentado. – Clima cálido todo o ano con precipitacións escasas e irregulares nas costas.
Estrutura agraria – Poboación. – Propiedade agraria.	– Poboación tradicionalmente numerosa e sometida á emigración. – Parcelas pequenas.	– Poboación tradicionalmente emigratoria. – Propiedade agraria con contrastes minifundio/latifundio.	– Poboación tradicionalmente numerosa. – Propiedade contrastada: minifundio en hortas, mediana en Cataluña, grande en Andalucía.	– Poboación con moi baixas densidades e tendencia ao despoboamento. – Propiedade pequena en parcelas pechadas.	– Importante retroceso da poboación rural en favor doutros sectores (terciario). – Contraste entre pequena propiedade das zonas medias e altas e as grandes explotacións dos regadíos costeiros.
Usos do solo – Agrícola. – Gandeiro. – Forestal.	– Agricultura tradicional de policultivo (hortas, millo, pataca, cebada, centeo). Actualmente, especialización en horta e forraxeiras. – A gandería é a actividade principal, tradicionalmente extensiva en pequenas e medianas explotacións. Actualmente, tende a ser mixta e aumentar o tamaño e a modernización. – Explotación forestal importante para moble ou papel.	– Agricultura: • Extensiva de secaño nos páramos, tradicionalmente de cereais en rotación con leguminosas ou barbeito. Vide e oliveira. Actualmente, máis importancia de cebada e redución do barbeito. • Intensiva de regadío nas veigas: hortalizas e forraxeiras. – Gandería tradicional extensiva: vacúa de carne en zonas montañosas, ovina en secaños e ovina, porcina e bovina en devesas.	– Agricultura: • En regadío: hortas e froitas para o mercado urbano ou a exportación. • En secaño: cereais, vide, oliveira e améndoa. – Gandería bovina e porcina en Cataluña, ovina nos secaños e reses bravas a beiras do Guadalquivir.	– Diversos e complementarios: – agricultura no fondo dos vales. – explotación forestal nos bosques das vertentes. – gandería nas matogueiras. – pastos nos cumios.	– O uso agrario do solo é principalmente agrícola: • No litoral: monocultivo de regadío para a exportación (plátano, tomate, pataca extratemperá), cultivos de invernadoiro (pepino, pemento, flores) e plantacións tropicais (papaia, mango, piña, aguacate). • No interior: policultivo de secaño para autoconsumo (vide, pataca).